



ROGO SOBRE MEDIDAS DE SEGURIDADE NUNHA ZONA VERDE PRÓXIMA Á RÚA DO PINO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas inmediacións da rúa do Pino, na zona da Almaciga, nunha zona verde que linda coa rúa de Anxo Casal existe un pronunciado desnivel que representa un potencial perigo para as persoas que por alí transiten. Nese lugar colocouse hai anos unha varanda nunha extensión dun centenar de metros que na actualidade está totalmente estragada, supoñendo un perigo maior que aquel que se pretende evitar, posto que se atopa corroída polo óxido en toda a súa extensión e mesmo lle faltan varios apoios o que fai que se transforme nun engano para quen confía na súa seguridade (tal e como pode apreciarse no anexo fotográfico que se achega).

A maiores do deterioro da varanda actual, nun plano inferior na zona máis próxima á rúa Anxo Casal hai unha plataforma sobre a que é posible pasear, posto que ten nos seus extremos rampla e escaleira, e que discorre en paralelo a un desnivel de varios metros que separan esta zona verde da rúa que conecta coa estación de autobuses. Aínda que se trate dunha zona actualmente non moi frecuentada pola veciñanza, a pesar do seu potencial paisaxístico, sería axeitado procurarlle algún medio de protección que impedira un desafortunado suceso.

En consecuencia, formulamos o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se proceda a repoñer a deteriorada varanda da zona verde próxima ás rúas do Pino e Anxo Casal e se engada algunha outra medida de seguridade para protexer a zona do desnivel que hai ata a vía que lle serve de acceso á estación de autobuses.

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2017

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal Popular

ANEXO FOTOGRÁFICO

